



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Traballo fin de grao		Código	620G01041
Titulación	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	Anual	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	EconomíaEducación Física e Deportiva			
Coordinación	Morenilla Burlo, Luis		Correo electrónico	luis.morenilla@udc.es
Profesorado	Agullo Leal, Fernando Alsina Santasusana, Maria del Carmen Arda Suarez, Antonio Arias Rodríguez, Pablo Barral Lavandeira, Jose R. Carrera Lopez, Celso Carlos Dopico Calvo, Xurxo Gambau i Pinasa, Vicente Gomez Varela, Joaquin Gonzalez Valeiro, Miguel Angel López Villar, Cristina Martin Acero, Rafael Morenilla Burlo, Luis Mosquera Gonzalez, Maria Jose Pombo Fernandez, Manuel Jose Rivas Feal, Antonio Sanchez Molina, Jose Andres Santiago Alonso, Miguel Sierra Palmeiro, Elena Toja Reboredo, Maria Belen Torres Tobio, Gabriel Valverde Romera, Joaquina		Correo electrónico	fernando.agullo@udc.es m.alsina@udc.es antonio.arda@udc.es pablo.arias.rodriquez@udc.es j.r.barral@udc.es celso.carrera@udc.es xurxo.dopico@udc.es vicente.gambau@udc.es joaquin.gomez.varela@udc.es miguel.gonzalez.valeiro@udc.es cristina.lopezv@udc.es rafael.martin@udc.es luis.morenilla@udc.es maria.jose.mosquera@udc.es manuel.pombo@udc.es antonio.rivas@udc.es jose.andres.sanchez.molina@udc.es miguel.santiago@udc.es elena.sierra@udc.es belen.toja@udc.es gabriel.torres@udc.es joaquina.valverde@udc.es
Web				



<b>Descrición xeral</b>	<p>Realización dun traballo orientado á avaliación das competencias adquiridas no Grao.</p> <p>O programa desenvolvido da materia atópase na plataforma Moodle e na web da Facultade</p> <p>As seguintes directrices son de aplicación aos Traballos de Fin de Grao (en adiante, TFG) correspondentes ao Título de Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física (UDC).</p> <p>O TFG é unha materia de 6 créditos ECTS, de carácter obrigatorio, do segundo cuadrimestre de cuarto curso do vixente plano de estudos.</p> <p>O TFG consistirá na elaboración dunha planificación/programación/proxecto de intervención, o mais real posible, e preferentemente vinculado coas prácticas externas do alumnado (Prácticum).</p> <p>O TFG non é un traballo de investigación, salvo que o profesorado e o alumnado implicado desexen dar continuidade ao deseño de investigación presentado no proxecto de investigación do Prácticum, e que se corresponda con algunha temática presente nas Unidades de Competencia ofertadas. Consecuentemente, no suposto dunha investigación aplicada, poderá autorizarse pola Comisión do TFG (comisión constituída na Xunta de Facultade) a elaboración do TFG baixo este formato.</p> <p>O TFG terá en conta os aspectos éticos e os dereitos fundamentais, de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, e os principios de igualdade de oportunidades e accesibilidade universal das persoas con discapacidade e os valores propios dunha cultura da paz e de valores democráticos</p>
-------------------------	---

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Comprender os beneficios do deporte como experiencia de lecer para ser capaz de incluír os indicadores fundamentais na planificación e atender os mesmos no desenvolvemento da práctica de lecer, considerando o xénero, a idade e a discapacidade, e analizando con enfoque crítico as estratexias de discriminación positiva.
A2	Comprender os procesos históricos das actividades físico-deportivas e a súa influencia na sociedade contemporánea, estudando o caso de España e Galicia, e a presenza diferenciada dos homes e das mulleres.
A3	Coñecer e analizar a cultura deportiva e propoñer os cambios necesarios, na propia e na das persoas coas que traballa, desde a ética e o xogo limpo, as diferenzas de xénero e a visibilidade dos discapacitados.
A4	Coñecer e comprender as bases que aporta a educación física á formación das persoas.
A5	Fomentar a convivencia, estimulando e poñendo en valor a capacidade  de constancia, esforzo e disciplina dos participantes nas actividades de educación física e deportiva.
A6	Deseñar e ordenar estratexias e espazos de aprendizaxe que respondan á diversidade social (sexo, xénero, idade, discapacidade, culturas?) e ao respecto dos dereitos que conforman os valores que aporta a educación física e deportiva á formación integral dos cidadáns.
A7	Promover e avaliar a formación de hábitos de actividade física e deporte ao longo do ciclo vital, considerando que a idade, o xénero ou a discapacidade son variables que necesitan da intervención consciente para favorecer a igualdade de oportunidades.
A8	Deseñar, desenvolver, e avaliar os procesos de ensino e aprendizaxe, relativos á actividade física e o deporte, con atención e titorización segundo as características individuais e contextuais das persoas (xénero, idade, discapacidade, culturas, etc.).
A9	Elaborar propostas curriculares para as distintas etapas no marco institucional dun centro educativo, desenvolvendo os elementos da programación didáctica da área de E. Física, con arranxo á lexislación vixente e ao proxecto educativo de centro.
A10	Coñecer os distintos niveis da lexislación educativa e aplicar os fundamentos básicos que promove en canto á Planificación e Programación Didáctica da Educación Física nas etapas educativas.
A11	Posuír o conxunto de habilidades ou competencias docentes que faciliten o proceso de ensino-aprendizaxe na aula de educación física.
A12	Avaliar e elaborar instrumentos de recollida de datos que atendan aos aprendizaxes do alumno, ao proceso de ensino en sí e á función del docente.
A13	Identificar as principais tarefas do profesor de educación física dentro e fóra da aula, resaltando as que fan referencia á súa labor tutorial, orientadora e departamental.



A14	Deseñar, planificar, avaliar técnico-cientificamente e desenvolver programas de exercicios orientados á prevención, a reeducación, a recuperación e readaptación funcional nos diferentes ámbitos de intervención: educativo, deportivo e de calidade de vida, considerando, cando fose necesario as diferenzas por idade, xénero, ou discapacidade.
A15	Coñecer, saber seleccionar e saber aplicar as técnicas de modificación de conduta que pode utilizar o profesional de Educación Física e Deportes nos diferentes ámbitos da súa competencia laboral.
A16	Deseñar, programar e desenvolver actividades esenciais da motricidade humana: o xogo, a danza e a expresión corporal, o exercicio e as actividades no medio natural, no ámbito educativo, recreativo e da actividade física e saúde, promovendo a igualdade de dereitos e oportunidades e evitando a exclusión en función do xénero e a discapacidade.
A17	Programar e desenvolver actividades físico-deportivas no medio natural, no contexto educativo e recreativo, favorecendo a participación á que todos teñen dereito e evitando a invisibilidade por razóns de xénero ou discapacidade.
A18	Deseñar e aplicar métodos adecuados para o desenvolvemento e a avaliación técnico-científica das habilidades motrices básicas nas diferentes etapas evolutivas do ser humano, considerando o xénero.
A19	Planificar, desenvolver, controlar e avaliar técnica e cientificamente o proceso de adestramento deportivo nos seus distintos niveis e nas diferentes etapas da vida deportiva, de equipos con miras á competición, tendo en conta as diferenzas biolóxicas entre homes e mulleres e a influencia da cultura de xénero na actuación do adestrador e nos deportistas.
A20	Deseñar, planificar e realizar funcións de animación para a utilización saudable do lecer.
A21	Deseñar, planificar e realizar actividades físicas e deportivas en lugares ou espazos que implican un risco intrínseco: no medio acuático, na neve ou outros do medio natural ou con animais.
A22	Comprender os fundamentos neurofisiolóxicos e neuropsicolóxicos subxacentes ao control do movemento e, de ser o caso, ás diferenzas por xénero. Ser capaz de realizar a aplicación avanzada do control motor na actividade física e o deporte.
A23	Avaliar técnica e cientificamente a condición física e prescribir exercicios físicos nos ámbitos da saúde, o deporte escolar, a recreación e o rendemento deportivo, considerando as diferenzas biolóxicas por idade e xénero.
A24	Deseñar, planificar, avaliar técnica e cientificamente e administrar programas de actividade física adaptada a persoas e diferentes grupos de poboación con discapacidade, ou que requiran atención especial.
A25	Identificar e comprender os requisitos psicomotores e sociomotores das habilidades deportivas, executando basicamente as habilidades motrices específicas dun conxunto de deportes, considerando as diferenzas por xénero.
A26	Identificar e aplicar as peculiaridades didácticas de cada especialidade deportiva na intención pedagóxica dos diferentes ámbitos de intervención.
A27	Aplicar os principios cinesiolóxicos, fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais nos contextos educativo, recreativo, da actividade física e saúde e do adestramento deportivo, recoñecendo as diferenzas biolóxicas entre homes e mulleres e a influencia da cultura de xénero nos hábitos de vida dos participantes.
A28	Realizar e interpretar probas de valoración funcional nos ámbitos da actividade física saudables e do rendemento deportivo.
A29	Identificar os riscos para a saúde que se derivan da práctica de actividade física insuficiente e inadecuada en calquera colectivo ou grupo social.
A30	Aplicar técnicas e protocolos que lle permitan asistir como primeiro interviniente en caso de accidente ou situación de emerxencia, aplicando, de ser necesario, os primeiros auxilios.
A31	Realizar a análise funcional da conduta nos contextos deportivos, educativos ou de exercicio físico para a saúde, como paso previo á intervención psicolóxica.
A32	Dirixir e xestionar servizos, actividades, organizacións, centros, instalacións, programas e proxectos de actividade física e deportiva desde os principios de igualdade de oportunidades, supervisando e avaliando a calidade, as garantías de seguridade e saúde dos usuarios, así como a súa satisfacción e os resultados sociais e económicos.
A33	Seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo adecuado para cada tipo de actividade físico-deportiva no contexto educativo, deportivo, recreativo e da actividade física e saúde.
A34	Realizar actos facultativos de elaboración de informes técnicos e peritaxes, asesorar e inspeccionar sobre actividade deportiva, instalacións e programas deportivos.
A35	Coñecer e saber aplicar o método científico nos diferentes ámbitos da actividade física e o deporte, así como saber deseñar e executar as técnicas de investigación precisas, e a elección e aplicación dos estatísticos adecuados.
A36	Coñecer e saber aplicar as novas tecnoloxías da información e a imaxe, tanto nas ciencias da actividade física e do deporte, como no exercicio profesional.
B1	Coñecer e posuír a metodoloxía e estratexia necesaria para a aprendizaxe nas ciencias da actividade física e do deporte.



B2	Resolver problemas de forma eficaz e eficiente no ámbito das ciencias da actividade física e do deporte.
B3	Traballar nos diferentes contextos da actividade física e o deporte, de forma autónoma e con iniciativa, aplicando o pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Trabajar de forma colaboradora, desenvolvendo habilidades, de liderado, relación interpersoal e traballo en equipo.
B5	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán.
B6	Dinamizar grupos nos diferentes ámbitos do exercicio profesional.
B7	Xestionar a información.
B8	Desenvolver hábitos de excelencia e calidade nos diferentes ámbitos do exercicio profesional.
B9	Comprender a literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte en lingua inglesa e en outras linguas de presenza significativa no ámbito científico.
B10	Saber aplicar as tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ao ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
B11	Desenvolver competencias para a adaptación a novas situacións e resolución de problemas, e para a aprendizaxe autónoma.
B12	Coñecer os principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional e actuar de acordo con eles.
B13	Coñecer e aplicar metodoloxías de investigación que faciliten a análise, a reflexión e cambio da súa práctica profesional, posibilitando a súa formación permanente.
B14	Comprender e aplicar a lexislación vixente relativa ao marco das actividades físicas e deportivas nos distintos ámbitos: educación, deporte, xestión, lecer e saúde.
B15	Comprender e saber utilizar as importantes posibilidades que a educación física e o deporte teñen para xerar hábitos sociais e valores democráticos (coeducación de xéneros, respecto á diversidade social e cultural, cooperación, competición respectuosa, compromiso co contorno?).
B16	Dominar habilidades de comunicación verbal e non verbal necesarias no contexto da actividade física e o deporte.
B17	Promover e avaliar actividades de ampliación curricular, referentes á creación de hábitos autónomos de actividade física e deporte.
B18	Comprometerse e involucrarse socialmente coa súa profesión e en concreto, coa situación actual da actividade física e o deporte na educación formal; coa xestión do centro educativo; cos seus compañeiros (traballo cooperativo) e con aqueles aos que educa.
B19	Exercer a profesión con responsabilidade, respecto e compromiso.
B20	Coñecer, reflexionar e adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e o traballo en equipo a partir das prácticas externas en algún dos principais ámbitos de integración laboral, en relación ás competencias adquiridas no grao que se verán reflectidas no traballo fin de grao.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título
---------------------------	------------------------



Comprender as posibles aplicacións do método científico aos diversos ámbitos das ciencias da actividade física e do deporte: deseño metodolóxico, rexistros, bases de datos e análise estatística.	A1	B1	C3
	A3	B2	C5
	A6	B7	C7
	A8	B8	C8
	A12	B9	
	A14	B10	
	A16	B13	
	A18	B17	
	A19		
	A23		
	A24		
	A28		
	A30		
	A31		
	A34		
	A35		
	A36		
Comprender as posibles aplicacións do método científico aos diversos ámbitos das ciencias da actividade física e do deporte: deseño metodolóxico, rexistros, bases de datos e análise estatística.	A3	B3	C1
	A12	B4	C2
	A14	B7	C5
	A15	B9	
	A17	B11	
	A18	B13	
	A19	B15	
	A20	B17	
	A21		
	A25		
	A26		
	A27		
	A29		
A30			
A31			
Comprender problemas substanciais das ciencias da actividade física e o deporte e propor hipótese para deseñar a estratexia empírica para a súa demostración teórica, que levaría á mellor resolución dos problemas identificados.	A1	B5	C4
	A2	B6	C6
	A3	B12	C8
	A4	B13	
	A7	B16	
	A9	B18	
	A10	B19	
	A11		
	A13		
	A22		
	A32		
	A33		



Comprender problemas substanciais das ciencias da actividade física e o deporte e propor hipótese para deseñar a estratexia empírica para a súa demostración teórica, que levaría á mellor resolución dos problemas identificados.	A1	B3	C1
	A3	B4	C2
	A4	B5	C4
	A5	B6	
	A6	B7	
	A7	B11	
	A8	B12	
	A9	B14	
	A11	B20	
	A13		
	A14		
	A15		
	A16		
	A17		
	A18		
	A19		
	A20		
	A21		
	A31		
A32			
A33			
Saber interpretar e utilizar a terminoloxía específica en lingua inglesa relacionada coa tecnoloxía, a información e a estatística aplicada á actividade física e o deporte: táboas de datos, gráficas, diagramas, procedementos, protocolos...	A2	B7	C1
	A3	B8	C2
	A11	B10	C3
	A35		
	A36		
Saber interpretar e utilizar a terminoloxía específica en lingua inglesa relacionada coa tecnoloxía, a información e a estatística aplicada á actividade física e o deporte: táboas de datos, gráficas, diagramas, procedementos, protocolos...	A3	B1	C1
	A4	B7	C2
	A35		C3
	A36		
Dotar ao alumno de mecanismos de control sobre a calidade da súa intervención profesional	A4	B1	C6
	A8	B2	C7
	A12	B3	C8
	A14	B8	
	A15	B19	
	A16		
	A18		
	A19		
	A20		
	A21		
A28			



Dotar ao alumno de mecanismos de control sobre a calidade da súa intervención profesiona	A1	B1	C3
	A4	B5	C4
	A5	B6	C5
	A6	B7	C6
	A7		C7
	A8		
	A10		
	A11		
	A13		
	A14		
	A15		
	A16		
	A17		
	A18		
	A28		
A29			
Coñecer e aplicar as novas tecnoloxías de obtención de rexistros e de procesamento da información e da imaxe á actividade física e ao deporte: formular proxectos que integren as diversas operacións	A35	B1	C6
	A36	B2	
		B9	
		B20	
Coñecer e aplicar as novas tecnoloxías de obtención de rexistros e de procesamento da información e da imaxe á actividade física e ao deporte: formular proxectos que integren as diversas operacións	A6	B1	
	A7	B2	
	A8	B3	
	A9	B4	
	A10	B6	
	A11	B7	
	A12	B8	
	A13	B11	
	A14		
	A15		
	A16		
	A17		
	A18		
	A19		
	A20		
	A21		
	A22		
	A24		
	A25		
	A27		
A29			
A30			
A32			
A33			



Aplicar a situacións profesionais reais que fagan conscientes ao alumno dos seus puntos fortes e débiles para recoñecer e mellorar as súas propias aptitudes, actitudes e competencias persoais así como reorganizar marcos de referencia que lle sirvan para entender mellor os conceptos e contidos estudados durante a carreira

A1	B2	C4
A2	B3	C5
A3	B4	C6
A4	B8	C7
A5	B9	
A6	B12	
A7	B13	
A8	B14	
A9	B15	
A10		
A11		
A12		
A14		
A15		
A16		
A17		
A18		
A19		
A20		
A21		
A22		
A23		
A24		
A25		
A26		
A27		
A29		
A30		
A31		
A32		
A33		
A34		
A35		





<p>Aplicar a situacións profesionais reais que fagan conscientes ao alumno dos seus puntos fortes e débiles para recoñecer e mellorar as súas propias aptitudes, actitudes e competencias persoais así como reorganizar marcos de referencia que lle sirvan para entender mellor os conceptos e contidos estudados durante a carreira</p>	A5	B1	C3
	A6	B2	C4
	A7	B3	C5
	A8	B4	C6
	A9	B7	C7
	A10	B8	
	A11	B12	
	A12	B13	
	A13	B14	
	A14	B16	
	A15	B17	
	A16	B18	
	A17	B20	
	A18		
	A19		
	A20		
	A21		
	A22		
	A23		
	A24		
	A25		
	A26		
	A27		
	A28		
	A29		
	A30		
	A31		
	A32		
	A33		
	A34		

Contidos	
Temas	Subtemas
Fase FORMATIVA/INFORMATIVA	<p>Constará, como mínimo, de 4 sesións ao longo do 1º cuatrimestre, nas etapas que se determinan a continuación, e cuxas datas determinaranse na Guía Docente:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Setembro: Presentación da Guía Docente e Normativa do TFG, na que explicarán con detalle todos os apartados do mesmo. A partir desta presentación, abrirase o período de solicitude de asignación das Unidades de Competencia.</li> <li>- Outubro: Presentación da distribución do alumnado na Unidade de Competencia e taller sobre búsqueda e recollida de información.</li> <li>- Novembro: Primeira reunión co Profesor responsable de cada Unidade de Competencia para organizar o traballo do 2º cuatrimestre.</li> <li>- Decembro: Taller sobre escritura (exercicios de parafraseo), referencias bibliográficas e normas APA/Vancouver.</li> </ul> <p>Será imprescindible completar esta fase para poder realizar as seguintes</p>



<p>ASISTENCIA ÁS UNIDADES DE COMPETENCIA</p>	<p>A oferta das mesmas poderá modificarse e axustarse en cada curso académico, para poder adaptala aos intereses do alumnado.</p> <p>Cada Unidade de Competencia terá un carácter presencial de seis sesións de 1,5 horas no 2º cuatrimestre (establecidas no horario oficial do curso). A asistencia será obrigatoria, polo menos, a 4 das sesións programadas.</p> <p>As sesións das Unidades de Competencia serán impartidas ao longo do 2º cuatrimestre. Cada Unidade de Competencia terá entre 15 e 10 alumnas/os e un mínimo de 8 (salvo excepcións autorizadas polo Decanato).</p> <p>Este carácter presencial deberá garantir a adquisición dos seguintes obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-- Definir e especificar o título do TFG do/da estudante.</li> <li>- Comprender cada unha das partes nas que se estrutura o TFG e recoñecer aquelas especificidades en relación co tema do mesmo.</li> <li>- Elaborar o TFG seguindo a temporalización e organización prevista.</li> <li>- Solucionar dificultades comúns aos TFG, mediante solucións compartidas.</li> <li>- Ensañar as presentacións orais (ou defensas simuladas) se a situación o require</li> </ul>
<p>SÍNTESE VALORATIVA</p>	<p>Elaborar unha síntese valorativa das competencias adquiridas necesitadas (educación formal, non formal e informal) para a realización do TFG:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a. a forma e momento en que foi adquirindo as competencias do grao</li> <li>b. a relación entre as competencias adquiridas e as necesidades formativas que considera ter despois deste traballo</li> </ul>
<p>TRABALLO DE REVISIÓN BIBLIOGRÁFICA E PROXECTO DE INTERVENCIÓN</p>	<p>O alumnado deberá entregar o impreso de solicitude de asignación tema e de supervisor (Anexo I) na data establecida no programa (apartado de Desenvolvemento e Avaliación) e nel debe figurar o título do tema seleccionado.</p> <p>O Traballo a desenvolver integrará os seguintes apartados:</p> <p>1ª Desenvolvemento dunha revisión bibliográfica comentada sobre un tema concreto que pode ou non estar relacionada co Practicum realizado.</p> <p>2º.- Desenvolvemento dun proxecto de intervención que inclúa criterios de avaliación da eficacia do mesmo.</p> <p>So en casos debidamente autorizados Desenvolvemento dunha investigación que debe estar relacionada co Practicum realizado.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A1 A3 A4 A6 A10 A11 A15 A35 B1 B4 B7 B9 B19 C7 C8	15	30	45
Análise de fontes documentais	A7 A8 A9 A16 A17 A18 A19 A21 A22 A23 A24 A27 A28 A29 A30 A31 A33 A35 B4 B7 B9 B10 B13 B19 C1 C2 C3 C5	5	30	35



Traballos tutelados	A5 A7 A12 A13 A14 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 A23 A24 A25 A26 A27 A30 A31 A32 A33 A34 A35 A36 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 B11 B12 B14 B15 B16 B17 B18 B20 C4 C6	10	55	65
Atención personalizada		5	0	5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p><b>1. FASE FORMATIVA/INFORMATIVA</b></p> <p>Constará, como mínimo, de 4 sesións realizadas on line ou presencialmente ao longo do 1º cuadrimestre, nas etapas que se determinan a continuación, e cuxas datas determinaranse na Guía Docente:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Setembro: Presentación da Guía Docente e Normativa do TFG, na que explicarán con detalle todos os apartados do mesmo. A partir desta presentación, abrírase o período de solicitude de asignación das Unidades de Competencia.</li> <li>- Outubro: Presentación da distribución do alumnado na Unidade de Competencia e taller sobre búsqueda e recollida de información.</li> <li>- Novembro: Primeira reunión co PDI de cada Unidade de Competencia para organizar o traballo do 2º cuadrimestre.</li> <li>- Decembro: Taller sobre escritura (exercicios de parafraseo), referencias bibliográficas e normas APA/Vancouver.</li> </ul> <p>Será imprescindible a realización desta fase para poder realizar as seguintes.</p> <p><b>2. ASISTENCIA ÁS UNIDADES DE COMPETENCIA</b></p> <p>A oferta das mesmas poderá modificarse e axustarse en cada curso académico, para poder adaptala aos intereses do alumnado.</p> <p>Cada Unidade de Competencia terá seis sesións de 1,5 horas no 2º cuadrimestre (establecidas no horario oficial do curso) e será impartida polo Director da mesma. As sesións poderán realizarse on line ou presencialmente. A asistencia será obrigatoria, polo menos, a 4 das sesións programadas.</p> <p>As sesións das Unidades de Competencia serán impartidas ao longo do 2º cuadrimestre. Cada Unidade de Competencia terá un máximo de 15-20 alumnas/os e un mínimo de 8 (salvo excepcións autorizadas polo Decanato).</p>
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.



## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
<p>Análise de fontes documentais</p> <p>Traballos tutelados</p>	<p>Para a realización do traballo fin de grao, o alumno contará cun profesor da Facultad de Ciencias do Deporte e a Educación Física que exercerá tarefas de orientación e dirección do TFG. Este profesor, sempre que sexa posible, coincidirá co profesor/a supervisor do alumno/a durante o Practicum.</p> <p><b>ASISTENCIA A TITORÍAS</b></p> <p>O profesorado ten asignadas 4 horas semanais de titoría para atención do alumnado en horario oficial establecido. O alumnado de TFG poderá usar dito horario para o seguimento do seu TFG, sempre que avise con antelación, ao obxecto da preparación de dita titoría. O profesorado poderá convocar titorías individuais ou titorías colectivas de TFG, a celebrar en lugar e horario distintos, sempre por acordo entre as partes.</p> <p>As titorías poderán ser presencialmente ou on line utilizando preferentemente a plataforma da UDC o sistemas recoñecidos por esta.</p> <p>O alumnado con matrícula parcial terá que realizar as mesmas actividades que o resto dos estudantes. Poderá acordar co diirector da unidade de competencia a modificación de datas dalgunhas das sesións .</p>

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A5 A7 A12 A13 A14 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 A23 A24 A25 A26 A27 A30 A31 A32 A33 A34 A35 A36 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 B11 B12 B14 B15 B16 B17 B18 B20 C4 C6	Consultar apartado de observaciones donde se desenvolve todo o proceso de avaliación	100
Sesión maxistral	A2 A1 A3 A4 A6 A10 A11 A15 A35 B1 B4 B7 B9 B19 C7 C8	<p>Será imprescindible realizar as sesións maxistrais das fases INFORMATIVA e FORMATIVA para poder realizar o TFG.</p> <p>Cada área realizará seis sesións de 1,5 horas en el 2º cuatrimestre (establecidas no horario oficial del curso) en formato presencial o en línea. A asistencia será obligatoria a 4 das sesións programadas como mínimo.</p>	0

## Observacións avaliación



O regulamento completo do TFG debe consultarse xa que completa a información establecida nesta guía, a tópanse en MOODLE e na web da Facultade. O alumnado implicado deberá entregar ao profesor/a da Unidade de Competencia, nas datas establecidas a tal efecto, os seguintes documentos: - Título definitivo do TFG nos idiomas galego, castelán e inglés. - TFG finalizado conforme ao estipulado na Normativa, en canto a forma e contido. O/a profesor/a da Unidade de Competencia e, no seu caso, de acordo co/a co-director/a, avaliará inicialmente os TFGs dos seus estudantes, conforme ao disposto no apartado de avaliación.

### FORMATO DE PRESENTACIÓN

O/a estudante presentará un documento escrito en calquera idioma oficial da UDC (excepcionalmente admitirase en inglés, francés ou portugués, previa autorización da comisión TFG e xustificado con anterioridade polo profesorado responsable da Unidade de Competencia), cunha extensión máxima de 75 páxinas (incluída bibliografía e táboas), salvo excepcións autorizadas pola comisión do TFG, escrito nun linguaxe académico correcto e atendendo á estrutura indicada na presente normativa. O/a estudante entregará o seu TFG a través do campus virtual na tarefa creada a tal efecto.

### AVALIACIÓN DO TFG

Os requisitos para obter unha avaliación positiva no TFG serán os seguintes:

1. Realización das sesións da Unidade de Competencia asignada (cando menos a 4 sesións das programadas no segundo cuadrimestre) e ás correspondentes da fase formativa/informativa (primeiro cuadrimestre).
2. El TFG deberá de incluír, obrigatoriamente, os contidos da estrutura desentrañada no anexo IV Guía de avaliación do TFG.
3. Entrega do TFG ao profesor/a da Unidade de Competencia asignado, de acordo coa estrutura e datas establecidas na Guía Docente.
4. Obter unha valoración mínima de Apto (5 puntos) outorgada polo/a profesor/a da Unidade de Competencia (e o/a co-director/a, se fora o caso). O profesorado responsable de cada unidade será o encargado de programar o proceso de elaboración do TFG do grupo e da súa avaliación. Se a cualificación final outorgada a un TFG fose igual ou inferior a 8, esta constituirá a nota definitiva de avaliación do mesmo, prescindíndose da súa defensa pública. Se o profesor/a responsable da unidade de competencia considera que a cualificación debe ser superior a 8, propondrá a defensa pública para subir a cualificación, sempre co acordo do alumno/a implicado. Esta defensa realizarase ante unha Comisión de Avaliación do TFG, constituída a tal efecto, entre o profesorado de outras Unidades de Competencia. Sexa cal sexa o caso, o profesorado de cada Unidade de Competencia deberá cubrir, para cada alumna/o, a Rúbrica de avaliación elaborada a tal efecto e que se incluírá na Guía Docente da materia. Aquel alumno/a que non estea de acordo coa cualificación outorgada polo profesorado responsable, estará suxeito ao establecido nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de Grao e Mestrado universitario (CG 19/12/2013, modificado polo CG 30/04/2014, polo CG 24/07/2014, polo CG 29/01/2015 e polo CG 28/09/2016) da UDC. A Comisión de Avaliación estará constituída por tres membros do PDI da Facultade que nese momento se atopen dirixindo ou co-dirixindo outros TFG. O profesor/a da Unidade de Competencia e, no seu caso, o co-director/a, non poderán formar parte da Comisión Avaliadora do seu alumnado do TFG. Cando se realice a defensa pública, o proceso de presentación non deberá exceder dos 20 minutos. Neste caso, o profesor/a da Unidade de Competencia aportará un valor do 80%, e a comisión o restante 20%. A comisión deberá axustarse á Rúbrica de avaliación que se presenta no Anexo VI. En todos os casos garántirase a cualificación outorgada polo profesor/a da Unidade de Competencia como nota mínima do alumno/a tras a defensa. A Comisión Avaliadora recibirá coa antelación suficiente, de acordo a planificación temporal do TFG, o documento de TFG xunto co informe da guía de avaliación/autoavaliación. Finalmente, adjuntaras a presentación que defenderán ante a Comisión de Avaliación, en formato.pdf, con 48 h de antelación a defensa, a coordinadora do TFG. No caso de que algún membro da Comisión Avaliadora detecte que o traballo presentado non debiera ser presentado a exposición pública, emitirá un informe á comisión do TFG para que dirima a pertinencia de tal alegación. Cando se realice a defensa pública, el proceso de presentación non deberá exceder dos 20 minutos. En este caso, o profesor/a da Unidade de Competencia aportará un valor do 80%, e a comisión evaluadora o restante 20%, sempre e cando cumpla con os requisitos establecidos en la guía. A comisión para dar a súa calificación deberá comprobar si o TFG axustase aos apartados da guía de avaliación do TFG e á rúbrica de avaliación da defensa que se presenta nos Anexos IV e V. En todos os casos garantirase a calificación otorgada polo/a profesor/a da unidade de competencia como nota mínima do alumno/a tras a defensa. Tras esta segunda fase do proceso de avaliación, o alumnado que non estea de acordo coa cualificación outorgada pola comisión avaliadora, estará suxeito ao establecido nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de Grao e Mestrado universitario (CG 19/12/2013, modificado polo CG 30/04/2014, polo CG 24/07/2014, polo CG 29/01/2015 e polo CG 28/09/2016) da UDC. O/a estudante que non teña superado o TFG, e aos efectos de presentarse en futuras oportunidades e/ou convocatorias, será de aplicación o seguinte: - Se non cumpre co requisito de realización da Unidade de Competencia, non poderá presentar o TFG e terá que volver a solicitar a asignación a unha das unidades para o seguinte curso académico. - Se cumpre o requisito de asistencia e a cualificación do TFG é inferior aos 5 puntos poderá presentarse na seguinte oportunidade ou no vindeiro curso, considerándose cumprido o requisito de asistencia, sempre que o TFG sexa no mesmo tema correspondente á Unidade de Competencia asignada. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria.



## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	A bibliografía será a correspondente as materias cursadas ao longo do grao e a utilizada por cada unidade de competencia
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

## Observacións

O DESENVOLVEMENTO DA INFORMACION DESTA GUIA ENCÓNTRASE PUBLICADA A TRAVES DE MOODLE E DA WEB DA FACULTADE. SE ALGUÉN TEÑEN PROBLEMA DE ACCESO DEBE SOLICITALA AO RESPONSABLE DA MATERIA.&nbsp;É IMPRESCINDIBLE O COÑECEMENTO DESTA PARA CUMPRIR O REQUIRIDO E PODER PRESENTAR E SUPERAR O TRABALLO FIN DE GRAOCoa finalidade de mellorar o sistema de garantía interna de calidade do noso centro, sería convinte que o alumnado atendese á solicitude realizada pola UDC, con periodicidade cuadrimestral, respecto a participar no proceso de avaliación das materias cursadas? e cuxa chamada realiza baixo o nome de ?AVALÍA? consistindo en responder as enquisas que avalían a docencia do profesorado en cada materia.A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías